



# BOP

SÁBADO, 7 DE XANEIRO DE 2023

N.º005

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### AUGAS DE GALICIA

##### *Anuncio*

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que mediante resolución da dirección de Augas de Galicia de data 21 de decembro de 2022 e como resultado do expediente incoado para o efecto, outorgouse ó Concello de Antas de Ulla unha concesión de 95.641,41 m<sup>3</sup> anuais de auga procedente de dous mananciais situados na parroquia de Cibreiro (San Miguel), no concello de Antas de Ulla (Lugo), con destino a abastecemento de poboación e a uso gandeiro.

Expte.: DH.A27.71029

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2022.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, JoséÁngelSomesoAnguita.

R. 0007

### CONCELLOS

#### BEGONTE

##### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

Por Resolución desta Alcaldía de data 3 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases que rexerán a selección en réxime laboral temporal, polo prazo de seis (6) meses e unhaxornada do 100 % - mediante concurso - oposición, de 1 posto de Peón Tractorista para a Brigada Municipal de Obras e Servizos.

As devanditas bases están a disposición dos interesados napáxina web do Concello ([www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es)) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 3 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0008

### CHANTADA

##### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 27/12/2022aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a novembro 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a novembro do 2022terá lugar neste municipio dende o día 27 de decembro de 2022 ata o día 27 de febreiro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período

executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 29 de decembro de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0009

---

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 23/12/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a decembro 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes decembro 2022 terá lugar neste municipio dende o día 23 de decembro de 2022 ata o día 22 de febreiro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 27 de decembro de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0010

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Na Xunta de Goberno Local de 26/12/22, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de xaneiro de 2023 ao 27 de febreiro de 2023.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 3 de xaneiro de 2023.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0011

**SOBER***Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 4 de xaneiro de 2023 o Orzamento municipal para o exercicio 2023, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, expónse ao público polo prazo de 15 días laborais –que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP- co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O dito documento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sober, 4 de xaneiro de 2023.- O Alcalde. Luis Fernández Guitián

R. 0014

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/33034**

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamento de augas

Peticionario: Jose Antonio Pérez López

Nombre del río o corrente: Pozo

Caudal solicitado: 0,222 l/s

Punto de emplazamiento: lugar de Acevedo, parroquia de Castro de Rei de Lemos (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Paradela (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:**

La captación se realizará en un pozo del que parte una tubería que conduce las augas hasta un depósito 40.000 l desde el que son conducidas a las explotaciónes a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un prazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Paradela, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 30 de diciembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0012

**COMUNIDADE DE AUGAS DE SEGÜIN***Anuncio*

COMUNIDADE DE AUGAS DE SEGÜIN

ORDENANZAS E REGULAMENTOS

---

EXPOSICIÓN DAS ORDENANZAS E REGLAMENTOS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE SEGÜIN NO CONCELLO DE PANTÓN PROVINCIA DE LUGO

O que subscribe José Antonio González Casal, veciño do lugar de Següín, 12, parroquia de San Andrés de Següín, (27438) Pantón-Lugo, Como Presidente da Comunidade de Usuarios de Següín, por a presente comunico que, as Ordenanzas e Regulamentos da Comunidade, estarán expostos ó público no Concello de Pantón, durante o prazo de trinta (30) días, a contar dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia (BOP), para que poidan ser examinados e presentar as alegación que estimen oportunas.

Següín, 3 de xaneiro de 2023.- José Antonio González Casal.

R. 0013

---